Fundación Galega Contra o Narcotráfico

PANOS BRANCOS CONTRA A DROGA 2019

CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL. ACTOS CENTRAIS, RIBADUMIA 26.06.2019

·SITUACIÓN E CONTEXTO ACTUAL

A problemática asociada ó consumo de drogas resulta especialmente inquietante en comunidades como Galicia, na que se asentan importantes redes de narcotraficantes. A magnitude do problema que enfrontamos resulta por todos coñecida; superar ou, cando menos, mitigar os seus efectos é un dos grandes retos da sociedade galega.

Dentro das estratexias orientadas a lograr a redución da demanda, destacan especialmente as accións de Prevención e Sensibilización Social que se revelan como a máis eficaces para facer fronte á banalización do consumo, ó alto grado de permisividade e a apatía e resignación fronte ó problema que se instala en boa parte da sociedade.

·PANOS BRANCOS CONTRA A DROGA

Panos Brancos contra a Droga é a campaña de sensibilización social organizada pola FGCN en colaboración con asociacións e concellos de toda Galicia. Panos Brancos converteuse dende o principio no maior e máis contundente movemento social de rexeitamento ás drogas e o narcotráfico, cumprindo este año a súa uduodécima edición.

A campaña desenvólvese ao longo do ano a través de diferentes actos públicos, sociáis e deportivos, mediante os cales os cidadáns pronúncianse en contra da droga e as bandas criminais do narcotráfico, utilizando principalmente a simboloxía de panos e bandeiras brancas como icono visible do seu compromiso.

Os actos centráis da campaña se desenvolven de xeito itinerante, cada ano nunha cidade distinta para acadar a maior difusión da mensaxe preventiva e implicar aos cidadáns de toda Galicia no compromiso fronte ás drogodependencias e o narcotráfico. Os concellos galegos participan a través da FEGAMP.

Os actos centrais da edición de 2018 celébrase en Ribadumia en coincidencia co Día Internacional contra o Uso Indebido e o Tráfico Ilícito de Drogas, instaurado pola Organización de Nacións Unidas –ONU-, que quere suliñar a importancia decisiva da participación de familias, escolas e comunidade na prevención do consumo de drogas.

A campaña diríxese a toda a sociedade galega, con especial atención para o colectivo de nenos e xóvenes, un dos grupos máis vulnerables fronte a este problema.

OBXECTIVOS

-implicar de forma activa a toda a sociedade, aumentando o grado de concienciación e sensibilización social fronte o consumo de drogas e o narcotráfico de Galicia.
-previr futuros consumos e adicións, especialmente entre nenos e xóvenes.
-promover comportamentos e hábitos saudables.
-fomentar actividades de ocio enriquecedoras para o desenvolvemento persoal.
-incrementar o rexeitamento social ó narcotráfico.
-motivar aos gobernos para que tomen iniciativas para contrarrestar as adiccións e o tráfico de drogas.

A campaña Panos Brancos e o Día Internacional contra a Droga existen para sensibilizar, concienciar, chamar a atención sobre un problema importante aínda non resolto, para que cidadáns e gobernos actúen e tomen medidas concretas para paliar a gravedade dun problema de primeira magnitude nas sociedades contemporáneas.

PARTICIPANTES

O amplo respaldo social con que conta Panos Brancos é a súa principal garantía de éxito. A campaña deséñase en estreita colaboración con múltiples colectivos sociais, entidades e institucións. Dende a súa primeira edición a campaña conta co apoio, entre outras institucións, do Goberno e do Parlamento de Galicia, da FEGAMP e numerosos concellos de Galicia.

ACTOS INSTITUCIONAIS EN GALICIA

Os concellos galegos e diversas institucións apoian a campaña a través da **Federación Galega de Municipios e Provincias -FEGAMP-** mediante diversas actividades a desenvolver ao longo do **26 de xuño, Día Internacional contra a Droga;** actividades tales como a lectura e difusión do manifesto da campaña -que será remitido a través da FEGAMP- ou a inclusión en web e redes sociais do logo da campaña Panos Brancos/Día Internacional contra a Droga.

Os actos centrais da campaña terán lugar o martes 26 de xuño en Ribadumia (Pontevedra).